



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL

ANEXO I: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NOS PREMIOS ERNESTINA OTERO SESTELA

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE:			
CENTRO EDUCATIVO	IES SÁNCHEZ CANTÓN		
CIF	Q8655022E		
ENDERECO	Avda. Raíña Victoria Uxía s/n	CÓDIGO POSTAL	36001
PARROQUIA		CONCELLO	Pontevedra
ENDERECO ELECTRÓNICO	ies.sanchez.canton@edu.xunta.es	TELÉFONO	886159050
E, na súa representación			
NOME E APELIDOS	Carlos Rodríguez	NIF	
EN CALIDADE DE	DIRECTOR		
ENDERECO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)			
ENDERECO	Avda. Raíña Victoria Uxía s/n	CÓDIGO POSTAL	36001
PARROQUIA		CONCELLO	PONTEVEDRA
CORREO ELECTRÓNICO	ies.sanchez.canton@edu.xunta.es	TELÉFONO	886159050

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA QUE SE PRESENTA (MARCAR CUN X)

<input checked="" type="checkbox"/>	Certificación da autorización para o uso de imaxes de menores participantes
<input checked="" type="checkbox"/>	Compromiso de destinar o premio a actividades educativas relacionadas coa igualdade de oportunidades
<input checked="" type="checkbox"/>	Certificación bancaria do número de conta
<input checked="" type="checkbox"/>	Memoria descriptiva
<input checked="" type="checkbox"/>	Documentación complementaria

pONTEVEDRA 9 de NOVEMBRO de 2021

SINATURA

Concelleira de Promoción Económica, Emprego, Turismo, Universidade e Promoción da Igualdade



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL

ANEXO II-MEMORIA DESCRIPTIVA

CENTRO:	IES SANCHEZ CANTON	CIF:	Q8655022E
---------	--------------------	------	-----------

NOME PROXECTO/ACTIVIDADE:

ENTRE DONAS ÁS BEIRAS DO LÉREZ

TRAXECTORIA DO CENTRO (*Historia, entorno social, número de grupos e alumnado, persoal, plans e proxectos significativos levados a cabo nos últimos anos*). Máximo 3000 caracteres.

O IES Sánchez Cantón conta con arredor de 1000 alumnos e alumnas que cursan os seus estudos no edificio situado en Raíña Victoria Uxía e no CGTD. A distribución en grupos de ESO é 4 grupos de 1º, 4 grupos de 2º, 5 grupos de 3º e 5 grupos de 4º e de Bacharelato: 6 grupos de 1º e 6 grupos de 2º. Cada grupo ten unha ratio de 30 alumnos e alumnas ou más en bacharelato. A maiores tamén se imparte o ciclo de TSEASD e ciclos deportivos.

A traxectoria histórica deste IES fai que pertenza á rede Mupega xa que é herdeiro do antigo Instituto de Pontevedra (compartido co IES Valle Inclán, que ficou no edificio, e cos outros institutos da cidade), e tamén do Masculino. De feito, cando o Instituto Masculino se instalou no novo edificio do Verxel, inaugurado en 1971, Filgueira Valverde trasladou tamén boa parte da herdanza.

O alumnado do que se nutre, reside na súa maioría no centro da nosa cidade, Pontevedra, e as súas familias pertenecen a un estrato social medio-alto, polo que o seu perfil responde ao de estudiantes moi incentivados, academicamente falando, cunhas perspectivas de cursar estudos universitarios nun 90%, e só un 10% ciclos formativos medios ou superiores. Tratase de rapaces e rapazas que presentan unhas inquietezas moi aptas para as aprendizaxes de excelencia e que están ben dispostos a participar en proxectos de convivencia, igualdade e de innovación educativa.

Nos últimos cursos desenvolveron a súa actividade o Consello da Muller Nova e Grupo de apoyo LGTBI+ con moi boa aceptación e moita actividade entre a nosa mocidade. Estes grupos participaron no proxecto Iguala-T da Consellería de Educación, así como nas actividades organizadas polo Concello e o CIM de Pontevedra coa fin de visibilizar e denunciar a desigualdade da muller e os actos de violencia contra ela, nas datas do 25 de novembro e do 8 de marzo. Por outra banda, o Sánchez Cantón tamén é centro colaborador do Saíón do Libro e participa no programa Pinto e Margota do Concello.

En 4º de ESO, na materia de Lingua galega e literatura vimos desenvolvendo proxectos de excelencia relacionados coa cidade de Pontevedra (as rúas literarias, o barrio de A Moureira e os seus alcumes, as librarias da cidade, etc.), de feito, este curso, imos recuperar a mulleres da nosa historia que por diferentes motivos fosen silenciadas.

Alén disto, tamén desenvolvemos actividades de igualdade de xeito directo ou transversal, no Equipo de Dinamización e nos clubs de lectura do centro que inclúen preto de 200 rapaces. Aquí selecciónanse actividades específicas e lecturas coa fin de visibilizar ás mulleres e promover a igualdade, o respecto pola diversidade, o debate e a reflexión.

XUSTIFICACIÓN DA ACTUACIÓN E OBXECTIVOS. Máximo 2000 caracteres.

A idea principal do noso proxecto foi a de de facer un estudo integral e multidisciplinar da muller co fin de poñela en valor para podermos avanzar no camiño da igualdade. Para isto, partimos dun traballo sobre a muller a nivel local, centrado na contorna inmediata do noso alumnado, para chegar a un ámbito internacional; e dende o punto de vista cronolóxico, podemos dicir que partimos dun agora para revisarmos o pasado dende un punto de vista feminista e igualitario

Os obxectivos que se persegue en esta actuación son:

Coñecer e divulgar o labor dunha serie de mulleres da contorna do alumnado que representen a diversos ámbitos laborais (Conchi Cochón, Tareixa Alonso, Luís Márquez...)

Coñecer, divulgar e reinterpretar unha selección textos de escritoras galegas e universais dos séculos XIX, XX e XXI: Rosalía de Castro, Sojourner Truth, Flora Tristán, Concepción Arenal, Emma Goldman, Virginia Woolf, Clara Campoamor, Emily Dickinson, María Zambrano, Simone de Beauvoir, Kate Millett, Malala, Rosalía Fernández Rial, Susana Aríns ou Helena Villar Janeiro.

Desbotar prejuízos machistas e lingüísticos amosando experiencias que tendan a normalizar a igualdade e o uso do galego.

Fomentar a competencia oral do alumnado mediante actividades de lectura, escrita, radio e de creación audiovisual centrados no tema da muller: lingua, historia, arte, xornalismo, ciencia (biología, física e química, tecnoloxía)...

Integrar os contidos curriculares en proxectos colaborativos favorecendo a aprendizaxe por competencias (ABP), a aprendizaxe baseada en servizos (ABS) e o fomento da competencia dixital.



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL

ACCIÓN, PROCEDIMENTOS E RECURSOS POSTOS EN PRÁCTICA. Máximo 3000 caracteres.

O que ía ser un proxecto sobre muller e lingua para desenvolver na ESO na materia de LGeLit e nos CdL, ampliouse a 8 departamentos didácticos (30 docentes), e ao Bacharelato. Aproveitamos este apartado para achegar a proposta central: Entre Donas ás belras do Lérez! (LGeLit e CdL). No apartado IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE, achegaremos as iniciativas que se desenvolveron de xeito paralelo e complementario por outros departamentos.

No primeiro trimestre iniciamos a andadura de Entre Donas co estudo e gravación das entrevistas por parte do alumnado de 4ºESO a unha selección de mulleres da contorna que desenvolven o seu labor en diferentes ámbitos profesionais e promocionan a igualdade e a nosa lingua dalgún xeito. Foron 23 en total as entrevistadas: Tareixa Alonso, Conchi Cochón, Tamara e María Campos de Miqallas, Anxos Sobriño, Pilar Fernández, Ines Lobeira, Luz Gallego, Susana Pedreira, Bea Trillo, Belén Herrero, Manuela Rodríguez, Marila Dios, Begoña Martínez, Ana Isabel González, Luísa Márquez, Alba Cuba, Andrea Bayer, Daniela Puga, Rosa Carballeira, Andrea Bayer, Susana Sueiro, Daniela Puga e Ledicia Costas: foto/biografía/selección das achegas más relevantes con respecto á igualdade e á lingua e muller das entrevistadas/conclusións do alumnado. A perspectiva máis internacional veu da man do alumnado de 3ºESO coas entrevistas de ficción a mulleres relevantes. A actividade tiña carácter interpretativo e grupal que configuraon pequenas pidulas que daban a coñecer: Concepción Arenal, Frida Kahlo, Maruja Mayo, Manedeline Vionnet e Cocó Chanel, foron algunas delas. Por último, tamén se levou a cabo a actividade de igualdade coas familias Na cociña entramos todxs! En 1º e 3ºESO.

No segundo trimestre, en analizáronse as entrevistas desde a perspectiva de igualdade de xenero e sociolingüística. Alén disto, o alumnado tiña que seleccionar os fragmentos de máis interese que falasen de lingua e igualdade, e crear uns titulares. Por outra banda, leváronse a cabo representacións orais sobre escritoras galegas polo alumnado de 1ºESO (Berta Dávila, Lorena Conde, Marilar Alexandre)..

No terceiro trimestre finalizamos o traballo sobre a muller a nivel local, desta vez coa parte final que eran as conclusións e a selección de titulares. Por último, tamén se levaron a cabo obradoiros incluídos no programa a Memoria das Mulleres, do gris ao violeta (iniciativa de igualdade do Concello de Pontevedra) sobre Mulleres pioneiras e Mulleres represaliadas María Xesús Escudero.

A lo largo do curso, os clubs de lectura centraron as prácticas lectoras en obras escritas por mulleres e con mulleres como temática: Cobiza, María Reimondez, Identidade de Nee Barros, A lavandeira de San Simón, Eva Mejuto. E no club de lectura de igualdade Ieron: M, Machismo: 8 pasos para quitártelo de encima (Barbijaputa); No es país para coños de Diana López Varela; e Masculino singular. Carlos Negro. Fixérонse obradoiros con todos os autores e autoras.

METODOLOXÍA EMPREGADA. Máximo 2000 caracteres.

* Implicación interdepartamental e transversal.

* Sistema ABC (aprendizaxe baseada en competencias) e ABS (aprendizaxe baseada en servizos): competencia oral, cívica, social, aprender a aprender; radio e TV do centro (funcionamento, preparación dos programas: selección de contidos, guións, realización de entrevistas, exposiciones, debates, performances, dramatizacions, recitais, lecturas colaborativas etc)

* Traballo colaborativo na aula. Fomentamos o traballo colaborativo e a metodoloxía de Aprendizaxe baseado en proxectos; o número de alumnos da aula reducido neste curso pola pandemia permitenos interactuar con máis facilidade.

* Divulgación no web mediante a nosa canle de telegram , de you tube, redes sociais (Instagram e Facebook) e mediante un curso virtual que aglutina todas as actividades.



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL

TEMPORALIZACIÓN DA ACTUACIÓN. Máximo 2000 caracteres.

A actuación alongouse durante todo o curso 2020/21 en horario lectivo (das diferentes materias que finalmente participaron no proxecto -inglés, xeografía e historia, ciencias, lingua galega e lingua española...), e non lectivo (as entrevistas foron realizadas polo alumnado no seu horario libre, no centro as presenciais, ou nas súas casas as telefónicas ou videoconferencias).

IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA E DO ENTORNO NAS ACTUACIÓNS REALIZADAS. Máximo 2000 caracteres.

Como xa dixemos, neste apartado aproveitaremos para indicar as actividades levadas a cabo por outros departamentos que nun principio non estaban programadas. No primeiro trimestre, na materia de Teatro (1ºbach) leváronse a cabo dous audiovisuais: unha presentación sobre a obra Haikus de Helena Villar Janeiro en colaboración co departamento de LGelit; e unha performance tamén en formato audiovisual que poñía de manifiesto o machismo nas cancións. En Xeografía e Historia achegáronse ao papel da muller en diferentes etapas da historia e fixeron un faladoiro bilingüe galego-francés sobre o papel da muller na Revolución francesa. No segundo trimestre, continuouse en 3ºESO coa elaboración do podcast colaborativo sobre Malala Palabras para Salvar o mundo baseado nun guión que elaborou o Depto. de LCeLit. En Xeografía e Historia, coa elaboración dunha unidade en genial.ly sobre o papel da muller na Historia Antiga. Os departamentos de BeX/ Tecnoloxía achegaron presentacións en CANVA baixo o título: Mulleres na ciencia: fin de celebrar o Día Internacional da Nena e a Muller na Ciencia (11 de febreiro) nas que se divulgaba a figura e o labor de diferentes científicas. No departamento de Francés, desenvolveron un audiovisual de case 20 minutos de duración sobre o pensamento feminista de Simone de Beauvoir mediante o formato entrevista audiovisual. Os protagonistas son alumnos da materia de Francés de 4º ESO e o escenario é o Café de Flore e Sartre o entrevistador. Tamén se implicou o departamento de Inglés: en 1º da ESO desenvolveuse unha actividade bilingüe para fomentar a oralidade tanto na nosa lingua como en inglés así como para dar a coñecer unha serie de autoras inglesas mediante un de teatro de máscaras: Emma Goldman, Jane Austen, Mary Anne Evans, Virginia Wolf, Emma Goldmann e Kate Millett. En Xeografía e Historia o alumnado de 4º levou a cabo presentacións sobre pintoras de inicios de século. En Latín, fixose un telexornal sobre a viaxiera Exeria.



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL

INDICADORES DE DIFUSIÓN DA EXPERIENCIA (*Visibilidade do proxecto, repercusión nos medios de comunicación, redes sociais...*). Máximo 2000 caracteres.

O proxecto saíu da contorna do noso instituto dixitalmente a través dos nosos cursos da aula virtual, dos blogs do club de lectura, e das redes sociais. Por outra banda, como formarnos parte do proxecto 21 Días co galego da Secretaría Xeral de Política Lingüística, tivemos oportunidade de saír en dúas ocasións no Programa Galicia por diante da CRTVG falando do proxecto Entre Donas ás Beiras do Lérez e da presentación sobre Helena Janeiro no grupo de teatro. Aínda así, a COVID condicionou tanto o desenvolvemento como a difusión fóra do centro de ensino xa que a presencialidade nas actividades foi escasa.

VALORACIÓN DE LOGROS ACADADOS. Máximo 2000 caracteres.

Mediante un CUESTIONARIO EN REDE, sempre tendo en conta as trabas que supuxo a COVID realizamos a avaliación da consecución dos obxectivos e dos logros acadados - a valoración vai do 1 ao 5 (1 mínimo e 5 máximo)- estes son os resultados: Valoración do proxecto en xeral (4)/ Valoración da Coordinación do proxecto (4)/ Valoración do desenvolvemento trimestral do traballo (3.5)/ Valoración da coordinación departamental (4)/ Valoración do resultado das actividades do departamento (4)/ Valoración individual das actividades realizadas (4) / Valoración do das novas tecnoloxías (4).
Fortalezas do proxecto: temas necesarios e proxectos en formatos atractivos que favoreceron interese do alumnado; a participación no programa de inmersión 21 Días que implementou traballos sobre a temática da muller xa que era o tema do noso centro, así como financiación.
Debilidades do proxecto: a COVID impossibilitou que se realizasen as actividades con normalidade por exemplo, moitas das entrevistas a mulleres tiveron que realizarse por videoconferencia ou de xeito telefónico; estaba prevista unha entrevista presencial a Helena Villar Janeiro que tivo que realizarse de xeito escrito; tampouco houbo reunións presenciais.



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL

PREVISIÓN DE ACTUACIÓNES FUTURAS COMO CONSECUENCIA DO TRABALLO REALIZADO. Máximo 2000 caracteres.

Como resultado do desenvolvemento deste proxecto no presente curso académico 2021/22 programamos a segunda parte do proxecto Entre Donas ás beiras do Lérez II" centrado na recuperación da memoria histórica das mulleres represaliadas de Pontevedra e a súa contorna: Na súa memoria, na nosa memoria" que xa se está a desenvolver entre o alumnado de 4º de ESO A,B e C (90 alumnos e alumnas) nas materias de Lingua Galega e literatura, na de Xeografía e historia (Arte) e na de lingua estranxeira, en colaboración co Comité de Igualdade (CMN) e os clubs de lectura de narrativa en galego e o club específico de igualdade.

RELACIÓN DA DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA QUE SE PRESENTA, se a houber

Vídeo resumo 1 de Entre Donas: <https://www.youtube.com/watch?v=4QmlrzYBk5k>
LIGAZÓNS AO DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE PARTE 1
<https://www.edu.xunta.gal/centros/lessanchezcanton/aulavirtual/mod/folder/view.php?id=66605>
LIGAZÓN AOS MATERIAIS COMPLEMENTARIOS E O DESENVOLVEMENTO XERAL DA INICIATIVA
<https://www.edu.xunta.gal/centros/lessanchezcanton/aulavirtual/mod/folder/view.php?id=66608>
Na cocina entramos todos, 1º ESO:
<https://www.edu.xunta.gal/centros/lessanchezcanton/aulavirtual/mod/folder/view.php?id=66590>
Grupo de teatro:
<https://www.youtube.com/watch?v=3VqCuBjp8Co&t=37s>
Entrevistas ficción 3º ESO:
<https://www.edu.xunta.gal/centros/lessanchezcanton/aulavirtual/mod/folder/view.php?id=66586>
O papel da muller na Historia Antiga
<https://view.genial.ly/5f0f5389fd802c0d228bc8d>
Análise entrevistas:
<https://www.edu.xunta.gal/centros/lessanchezcanton/aulavirtual/mod/folder/view.php?id=66606>
3º ESO do podcast colaborativo sobre Malala Palabras para Salvar o mundo:
<https://www.edu.xunta.gal/centros/lessanchezcanton/aulavirtual/mod/folder/view.php?id=66589>
Mulleres na ciencia:
<https://www.edu.xunta.gal/centros/lessanchezcanton/aulavirtual/course/view.php?id=1586>

Pontevedra , 9 de novembro de 2021

SINATURA